

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 18 de outubro de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTE:

D. Cayetano Rodríguez Escudero

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e corenta minutos do día dezoito de outubro de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1165).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1166).- PROPOSTA PARA A CONTINUIDADE DO PROGRAMA DEPORTE PARA PERSOAS MAIORES. EXPTE. 12553/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 15.10.13, conformado polo concelleiro de Deportes, que di o seguinte:

1.- Antecedentes.

O programa de "XIMNASIA PARA PERSOAS MAIORES", desenvólvese de acordo cos expedientes 70648/301 e 70640/301 aprobados pola XGL de datas 27/01/2012 e 24/02/2012, tramitados polo Servizo de Benestar Social do Concello de Vigo.

Coa aprobación definitiva dos orzamentos para o a no 2013, realizada por acordo plenario de 30 de xaneiro de 2013, os créditos vinculados á execución dos gastos do programa "Ximnasia para persoas maiores" foron trasladados ó orzamento da Concellería de Deporte co obxectivo de que dito programa sexa xestionado dende esta Concellería.

En base a dito cambio administrativo, na Xunta de Goberno Local de data 15/02/2013, foron adoptados os seguintes acordos para a adecuación de dito programa:

- 1.- Modificar o prazo do programa de "Ximnasia para persoas maiores" aprobado pola XGL do 27 de xaneiro de 2012 finalizando o mesmo o 15 de xuño de 2013. Posteriormente procederáse á aplicar as novas bases que aprobará a Concellería de Deportes.
- 2.- Dar continuidade ata o 15 de xuño da xestión, coordinación e seguimento dos grupos da actividade de ximnasia e natación, dende a área técnica do servizo de persoas maiores da Concellería de Política de Benestar, conxuntamente cos servizos técnicos da Concellería de Deporte.
- 3.- Os custes de aluguer das instalacións deportivas do IMD, vinculadas ás sesións de ximnasia de programa de maiores, será facturado polo IMD ó Concello de Vigo (Concellería de Deportes), en relación á aplicación da ordenanza de prezos públicos vixente.
- 4.- A Concellería de Deporte contratará o técnico docente para a actividade de ximnasia ata o 15 de xuño, baixo as prescricións técnicas que se adxuntan no anexo. Por tratarse de dar continuidade ao programa ata a devandita data.
- 5.- Deixar sen efecto o acordo de XGL de 21 de febreiro de 2012 de prórroga da actividade de natación nas piscinas municipais no que se manifestaba "prorrogar a actividade de natación das piscinas municipais das Travesas, Teis e Lavadores, dende o 1 de xaneiro de 2012 ata nova convocatoria de bases pendente de aprobar pola XGL. Dita prórroga é exclusivamente para as persoas que xa estaban no programa e rexeráse polos mesmos criterios que se viñan aplicando"
- 6.- Aprobar a continuidade da actividade de natación para persoas maiores ata o 30 de xuño de 2013, posibilitando a incorporación de novas altas en función das prazas vacantes existentes.

Para as novas altas teranse en conta os seguintes criterios:

- Estar empadroadado no Concello de Vigo
- Ter 65 anos ou mais no momento da solicitude
- Contar con autonomía para realizar a actividade
- Documentación a presentar:
 - Solicitude
 - Fotocopia do DNI
 - Informe médico no que se faga constar que está apto para a realización da actividade.
 - Xustificación de ingresos IRPF do último período impositivo. No caso de que a persoa solicitante tivera cónxuxe ou parella, entenderase como renda persoal a metade da suma dos ingresos de ambos membros da parella (Asinarán a autorización para solicitar directamente polo Concello á Axencia Tributaria
- custe da actividade de natación para persoas maiores ata o 30 de xuño será de 12,00€ por trimestre e persoa.

- *persoal docente para esta actividade será o existente nas piscinas municipais para o cal o IMD procederá a facturar ó Concello de Vigo (Concellería de Deportes), o custe desta actividade en relación á aplicación da ordenanza de prezos públicos vixentes.*

7.- *A Concellería de Deportes iniciará o trámite de aprobación das bases dun novo programa de “Deporte para maiores” que incluírá as actividades de ximnasia e natación, para dar continuidade ó mesmo a partir do 1 de setembro de 2013.*

2.- Proposta para a continuidade do programa de “Deporte para maiores”:

En base o acordo da XGL de 15/02/2013, dende a Concellería de Deportes se está a traballar na definición dun novo proxecto para o desenvolvemento do programa de “Deporte para maiores”, e de cara a poder operativizar o funcionamento do mesmo, entre outras consideracións e oportuno que o mesmo, continúe o seu desenvolvemento en períodos anuais enteiros, para que o mesmo teña unha coincidencia co exercicio orzamentario.

Polo tanto, o novo proxecto a desenvolver pola Concellería de Deportes, debería de poder iniciarse, despois do período vacacional do nadal, co inicio do mes de xaneiro de 2014, polo cal e atendendo a demanda real do programa, considerase oportuno poder retomar para o ano 2013 a continuidade do acordo inicial regulado segundo o acordo de XGL de 27 de xaneiro de 2012 que establece que para o ano 2013, a actividade realizarase dende o 15 de xaneiro ata o 15 de decembro do 2013.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción se procede dos seguintes acordos:

- 1.- *Dar continuidade os programa de “Ximnasia para persoas maiores”, así como o programa de “Natación para persoas maiores”, segundo os acordos da XGL do 27 de xaneiro de 2012, coas seguintes especificacións:*
 - a. *Dar continuidade os prazos dos programas de “Ximnasia para persoas maiores” e “Natación para persoas maiores” ata o 31 de decembro de 2013.*
 - b. *A coordinación e seguimento dos grupos da actividade de ximnasia e natación, será desenvolva dende os servizos técnicos e administrativos da Concellería de Deportes. Para o cal se atenderá os criterios aprobados na Xunta de Goberno Local de 15/02/2013 sobre o programa de “Natación para persoas maiores”, e do acordo co acordo de 27 de xaneiro de 2012, para o programa de “Ximnasia para persoas maiores”.*
 - c. *Os custes de aluguer das instalacións deportivas do IMD, vinculadas ás sesións de ximnasia de programa de maiores, será facturado polo IMD ó Concello de Vigo (Concellería de Deportes), en relación á aplicación da ordenanza de prezos públicos vixente.*
 - d. *A Concellería de Deporte contratará as necesidades dos técnicos docentes para a actividade de ximnasia ata o 31 de decembro.*
- 2.- *A Concellería de Deportes iniciará o trámite de aprobación das bases dun novo programa de “Deporte para maiores” que incluírá as actividades de ximnasia e natación, para dar continuidade ó mesmo a partir do mes de xaneiro de 2014.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1167).- PROXECTO DE “MELLORA DE ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE A PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ”. EXPTE. 2421/443.

Visto o informe de fiscalización, do 15.10.13, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, conformado polo concelleiro de dita Área, que di o seguinte:

A empresa PETTRA SL, presenta o proxecto de “MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE A PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ”, redactado polo ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS SANTIAGO N. LÓPEZ FONTÁN e pola ENXEÑEIRA INDUSTRIAL BEGOÑA ARRANZ GONZÁLEZ, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS OITENTA E NOVE MIL SETECENTOS SESENTA E NOVE EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS (489.769,49 €).

Prevese neste proxecto a instalación de dúas escaleiras mecánicas que salvan o desnivel existente na Rúa II República, abarcando o tramo comprendido dende a Porta do Sol ata a Fonte de Baixada a Príncipe, situada aproximadamente na zona central da rúa, salvando as mesmas un desnivel de 9,86 metros, e abarcando os sete primeiros tramos de escaleiras existentes.

Debido a gran diferenza de cota actual entre os extremos da actuación, será necesario manter as escaleiras existentes, de forma armónica e compatible coa nova escaleira mecánica. Debido ao reducido ancho da rúa únicamente se dispón de escaleiras con obxecto de resolver a accesibilidade de subida, mantendo a baixada polas escaleiras convencionais.

Para a pavimentación defínese un firme composto por 20 cm de zahorra compactada, 15 cm de formigón hidráulico HM-20, 4 cm de morteiro de cemento e Lousa de granito de 8 cm de espesor e de dimensións variables acordes coas existentes na rúa Cruz Verde, así como peldaños de pedra para a formación das escaleiras.

Renovaranse os servizos existentes tanto de saneamento, abastecemento e iluminación, proxectando o modelo de luminaria existente no casco vello homoxeneizando os acabados desta rúa co entorno. Proponse ademais unha nova rede de pluviais configurando así unha rede separativa.

Previuse un prazo de execución de CINCO MESES para as obras incluídas no presente proxecto.

Polo que á vista do anteriormente exposto, e tendo en conta o informe do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 11 de outubro, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

1.- Aprobar o proxecto redactado pola empresa Pettra, S.L. para a “Mellora da accesibilidade entre a Porta do Sol e Abeleira Menéndez”, por un importe de 489.769,49 Euros (IVE engadido) e un prazo de execución de cinco meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1168).- PROXECTO “MODIFICADO Nº 1 DA OBRA HUMANIZACIÓN DA RÚA MENÉNDEZ PELAYO”. EXPTE. 2053/440.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 10.10.13, conformado polo concelleiro de dita Área, que di o seguinte:

En data 14 de outubro de 2011, a Xunta de Goberno Local, acorda a aprobación do proxecto citado no asunto de referencia.

A Xunta de Goberno Local o 4 de novembro de 2011 acorda declarar a urxencia na tramitación do expediente, aprobar os pregos e autorizar o gasto.

A Humanización da Rúa Menéndez Pelayo e adxudicada mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de decembro de 2011 a empresa CONSTRUCCIONES RAMIREZ, por un importe de 2.227.500,01 €, formalizandose o contrato de obra o 20 de xaneiro de 2012.

En data 6 de febreiro de 2012 asinase a acta de comprobación de replanteo, suspendendo temporalmente o inicio da execución do proxecto, mentres non é aprobado o Plan de Seguridade e Saúde que se arpoba o día 10 de febreiro de 2012.

O día 15 de febreiro de 2012 asinase o anexo á acta de comprobación de replanteo, autorizando o comezo da obra, unha vez superada a causa que impediu temporalmente o inicio. Computándose o prazo de execución dende o día seguinte a esa data.

O prazo contractual de execución: 18 meses.

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 26 de xullo do 2013 acorda autorizar a redacción do proxecto Modificado Nº 1 que se presenta e aplicar unha moratoria ao prazo de execución da obra ata a data que finalmente se aprobe o Modificado nº 1 das obras de referencia.

XUSTIFICACIÓN:

Nas rúas contiguas a Menéndez Pelayo, dende o comezo das obras se están a levar a cabo diversas actuacións que están a modificar a trama urbana do entorno e polo tanto os usos que os veciños e usuarios fan da rúa. Ademais da propia humanización en marcha, estanse a levar a cabo actuacións similares en viais cercanos coma Camelias ou no entronque Pi Margall, López Mora e Tomás Alonso. Sumado a isto a Xerencia de Urbanismo ven de aprobar a demolición de varias vivendas para a mellora do entronque de Camiño Pazos con Menéndez Pelayo e Peniche, e estanse a estudar alternativas peonís mecánicas para salvar o desnivel entre Camelias e Menéndez Pelayo.

Todo isto está a aumentar o tráfico tanto peonil coma rodado no entorno, polo que se plantexa a modificación dos usos do tramo da rúa Menéndez Pelayo entre o nº 13 e 15, para dotar ese tramo de rúa de prazas de aparcamento e recorridos peonís accesibles coas características de sección e tratamentos similares aos do resto da humanización en marcha. Para a realización desta actuación é necesario a ampliación do ámbito de actuación do proxecto orixinal, e a ocupación de parcelas actualmente de titularidade privada, para o cal se está a articular unha cesión gratuita do uso das propiedades particulares afectadas, que deberá ser ratificada en Xunta de Goberno Local con anterioridade a aprobación do presente proxecto modificado nº 1.

Asimesmo, debido ao citado aumento do tráfico peonil que presentará a rúa e a convivencia que deberá ter co tráfico rodado, propónse a extensión das zonas axardinadas dos encontros ao tronco da rúa de modo que estas actúen de elemento separador dos diferentes tráfico.

Ademais modifícase a conexión das redes enterradas proxectadas no encontro con rúa Ourense e Don Quijote ata o entronque destas en rúa López Mora e Camelias respectivamente, debido o mal estado das canalizacións existentes neses tramos o que imposibilita unha conexión segura. Esta zona afectada, fora do ámbito orixinal do proxecto, será reposta superficialmente con materiais similares aos do resto da humanización en marcha.

PRAZO DE EXECUCIÓN:

A realización das obras recollidas no proxecto modificado nº 1, conlevan un incremento do prazo de execución da obra de 6 meses, xa que se incrementa considerablemente as unidades de obra de movementos de terra, excavacións, pavimentación e servizos e surxen novas unidades,

como a execución de muros de contención, que implican todas elas un avance máis lento da obra respecto as unidades recollidas no proxecto orixinal que se referían a mobiliario urbano principalmente. De este modo o prazo total da obra pasa a ser de vinte e catro meses.

ORZAMENTO:

Exposto o anterior, hai que resaltar que as variacións supoñen a necesidade de introducir determinadas unidades de obra non comprendidas no proxecto vixente aprobado. En consecuencia, os prezos contradictorios propostos pola dirección facultativa, consecuentes á solución técnica adoptada, refírense á data de licitación calculados sobre a base do proxecto orixinal aprobado para a adxudicación da obra en todo o que se refire a prezos unitarios de man de obra, materiais e maquinaria e aos custos indirectos (6%) dos prezos descompostos.

Todo iso non provoca variación do presuposto económico aprobado, manténdose integramente o seu importe de adxudicación vixente de 2.227.500,01 €, I.V.E. incluído, quedando xustificado o total do investimento económico, e dando lugar ao presente proxecto Modificado nº 1, sen importe adicional.

Polo que, á vista do anteriormente exposto, e tendo en conta o informe dos Directores de Obra de data 16 de setembro, e o informe do Xefe da Oficina de Supervisión de proxectos de data 17 de setembro, faise á Xunta de Goberno Local, a seguinte:

PROPOSTA:

- 1.- Aprobado o proxecto modificado nº 1, das obras de "Humanización da Rúa Menéndez Pelayo", sen importe adicional sobre o proxecto inicial.
- 2.- Aprobado o aumento do prazo de execución da obra en 6 meses, pasando a ser o prazo total da obra de 24 meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1169).- CESIÓN DE USO DE TERREOS PARTICULARES AO CONCELLO DE VIGO PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DA RÚA MENÉNDEZ PELAYO. EXPTE. 1767/433.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 27.09.13, conformado pola Xerente de Urbanismo, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aceptar a cesión gratuíta do uso e goce, por parte de D. Ángel González Pájaro e D. Dositeo Garrido Antón de 170 m² da parcela con referencia catastral 2354028NG2725N0001TF, e por parte de CONSTRUCCIONES MIRÓN Y GUTIÉRREZ PONTEVEDRA, S.A., de 182 m² da parcela con referencia catastral 2354025NG2725N0001QF e de 187 m² da parcela con referencia catastral 2354008NG2725S0001JX, segundo as descriucións contidas no plano de detalle obrante ao expediente.

SEGUNDO: Aprobado o texto do acordo de cesión de uso que se insire como Anexo a continuación -que inclúe unha copia dos títulos de propiedade, plano de viario do PERI e plano de detalle das superficies das parcelas a ocupar, obrantes ao expediente-, e facultar á Concelleira delegada de Urbanismo, Cascos Históricos,

Grandes Proxectos e Patrimonio, D.^a M.^a Carmen Silva Rego, para a súa subscrición.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo a D. ÁNGEL GONZÁLEZ PÁJARO e D. DOSITEO GARRIDO ANTÓN, así como a CONSTRUCCIONES MIRÓN Y GUTIÉRREZ, S.A., intimándoos para a fixación da data para a sinatura do acordo.

CUARTO: Dar traslado da subscrición do acordo de cesión de uso á Xunta de Compensación do PERI PAZOS, unha vez se formalice o citado negocio xurídico, para o seu coñecemento.

ANEXO: ACORDO DE CESIÓN DE USO DE PROPIEDADES PARTICULARES Ó CONCELLO DE VIGO PARA A APERTURA O USO PÚBLICO E EXECUCIÓN DE OBRAS PARA A MELLO-RA DA RÚA MENÉNDEZ Y PELAYO

Vigo, a **XX** de **XXXX** de 2013

COMPARECEN

D.^a MARÍA DEL CARMEN SILVA REGO, Concelleira delegada de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos e Patrimonio do Concello de Vigo, e Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo.

D. JOSÉ RIESGO BOLUDA, Secretario Xeral do Concello de Vigo.

D. JOSÉ GONZÁLEZ PÁJARO, maior de idade, titular do DNI número 76.688.381-X, veciño de Vigo, con domicilio en Vía Hispanidade, número 36.

D. SERAFÍN GARRIDO ANTÓN, maior de idade, titular do DNI número 35.974.904-Y, veciño de Vigo, con domicilio na rúa Gerona, nº 2-5º J.

D. CARLOS JAVIER MIRÓN GUTIÉRREZ, maior de idade, titular do DNI número 35.255.210-M, veciño de Pontevedra, con domicilio na R/ Almirante Matos, 39-Portal 2, 1º.

INTERVEÑEN

*a) D.^a MARÍA DEL CARMEN SILVA REGO, en nome e representación do EXCMO. CONCELLO DE VIGO, facultada para este outorgamento polo acordo da Xunta de Goberno Local de **XXXXX-XXX**, polo que se aprobou o presente negocio xurídico.*

D. JOSÉ RIESGO BOLUDA, aos efectos de dación da fe pública ao presente documento.

b) D. JOSÉ GONZÁLEZ PÁJARO intervén en nome e representación de D. ÁNGEL GONZÁLEZ PÁJARO, maior de idade, titular do DNI número 35.986.810-K, veciño de Vigo, con domicilio en Vía Hispanidade, número 73-2º-oficina 13, en virtude da escritura de poder autorizada polo Notario de Vigo D. Roberto Martínez Martínez de 13-9-1989, número 2.986 do seu protocolo, da que se achega copia.

c) D. SERAFÍN GARRIDO ANTÓN intervén en nome e representación de D. DOSITEO GARRIDO ANTÓN, maior de idade, titular do DNI número 35.974.905-F, veciño de Vigo, con domicilio na Av. das Camelias, número 129-4º B, en virtude de escritura de poder autorizada polo Notario de Vigo, D. José Pedro Riol López de 24.6.1996, número 1.396 do seu protocolo, da que se achega copia.

d) D. CARLOS JAVIER MIRÓN GUTIÉRREZ intervén en nome e representación da entidade mercantil "CONSTRUCCIONES MIRÓN Y GUTIÉRREZ PONTEVEDRA, S.A.", con C.I.F. número A-36.130.425, domiciliada en Pontevedra, na rúa Almirante Matos, 39-Portal 2, 1º, constituída ante o Notario de Pontevedra, Don Rafael Sanmartín Losada, mediante escritura de 6 de outubro de 1990, co número 2.017 de protocolo e INSCRITA no Rexistro Mercantil de Pontevedra ao folio 11 do Libro 909 de sociedades, inscrición 2ª da folla PO-1.017. Intervén na súa condición de administrador único da sociedade, tal e como se deriva da escritura de elevación a público de acordos sociais autorizada polo Notario de Pontevedra D. José Manuel Gómez Varela de 12-9-2012, núm. 1.227 de protocolo, inscrita no Rexistro Mercantil de Pontevedra na folla citada, inscrición 9ª.

As partes comparecentes, no carácter en que interveñen, recoñécense reciprocamente capacidade suficiente para o outorgamento do presente documento, e a tal fin:

EXPOÑEN

I.- Que D. ÁNGEL GONZÁLEZ PÁJARO e D. DOSITEO GARRIDO ANTÓN son propietarios da parcela urbana sita na rúa Menéndez y Pelayo desta Cidade, con referencia catastral 2354028NG2725N0001TF, inscrita no Rexistro da Propiedade nº 5 de Vigo, ao Tomo 1.119 de Vigo, Sección 1ª, folio 148, finca número 56.604, inscrición 1ª. Xúntase ao presente Convenio copia do título de propiedade.

II- Que a entidade mercantil "CONSTRUCCIONES MIRÓN Y GUTIÉRREZ PONTEVEDRA, S.A." é propietaria das parcelas urbanas seguintes:

a) Parcela urbana sita no núm. 13B da rúa Menéndez y Pelayo desta Cidade, con referencia catastral 2354025NG2725N0001QF, inscrita no Rexistro da Propiedade nº 5 de Vigo, ao Tomo e Libro 914 de Vigo, folio 45, finca número 8.792-N. Xúntase ao presente Convenio copia do título de propiedade.

b) Parcela urbana sita no núm. 15B da rúa Menéndez y Pelayo desta Cidade, con referencia catastral 2354008NG2725S0001JX, inscrita no Rexistro da Propiedade nº 5 de Vigo, ao Tomo 709 de Vigo, folio 197, finca número 9.238. Xúntase ao presente Convenio copia do título de propiedade.

III.- Que as citadas parcelas están cualificadas como solo urbano non consolidado polo PXOM vixente, aprobado definitivamente por Ordes de 16.05.2008 e 13.07.2009, e atópanse integrada no ámbito de solo urbano non consolidado «APR A-4-73 PAZOS». A ficha do PXOM dese ámbito remítese á ordenación establecida no «PERI I-01 PAZOS», aprobado definitivamente polo Concello de Vigo en Pleno de 29.04.2002. O sistema de actuación para o seu desenvolvemento é o

de compensación, sen que ata o momento se teña aprobado definitivamente o instrumento de equidistribución dese ámbito.

IV.- O Concello de Vigo está interesado na execución de obras de mellora na rúa Menéndez y Pelayo (exp. 1077/440 e 2013/443) para o que resulta preciso ocupar as superficies que se relacionan a continuación do fronte que da á rúa Menéndez y Pelayo das parcelas anteriormente descritas, consonte as aliñacións oficiais fixadas no «PERI I-01 PAZOS»:

- Da parcela propiedade de D. ÁNGEL GONZÁLEZ PÁJARO e D. DOSITEO GARRIDO ANTÓN 170 m².
- Das parcelas propiedade da entidade mercantil “CONSTRUCCIONES MIRÓN Y GUTIÉRREZ PONTEVEDRA, S.A.” as seguintes superficies:
 - 182 m² da parcela descrita no expositivo II.a (referencia catastral 2354025NG2725N0001QF)
 - 187 m² da parcela descrita no expositivo II.b (referencia catastral 2354008NG2725S0001JX).

Xúntase copia do plano do viario do PERI, así como plano de detalle das superficies das parcelas a ocupar.

V.- Coñecidos os expresados antecedentes, as partes intervintes conveñen levar a cabo o presente acordo, con suxeición ás seguintes:

ESTIPULACIONES

Primeira.- D. ÁNGEL GONZÁLEZ PÁJARO e D. DOSITEO GARRIDO ANTÓN por unha banda e a entidade mercantil “CONSTRUCCIONES MIRÓN Y GUTIÉRREZ PONTEVEDRA, S.A.” por outra cédennlle ó Concello de Vigo o uso dos m² de superficie das súas parcelas indicada no expositivo IV do presente acordo e sinaladas no plano de detalle anexo ao mesmo, e autorizan ao Concello de Vigo para a execución nesa exclusiva superficie de terreo das obras necesarias para a mellora da rúa Menéndez y Pelayo respectando as aliñacións do «PERI I-01 PAZOS», autorizando así mesmo ao Concello de Vigo para a súa apertura ao uso público unha vez finalizadas as devanditas obras.

Segunda.- O Concello de Vigo executará a totalidade das obras ó seu exclusivo cargo, sen posibilidade de repercutir o seu custo aos propietarios, sen prexuízo do que se sinala no parágrafo seguinte, obrigándose a construír os muros de contención que sexan necesarios para conter o resto das parcelas que non son obxecto de cesión, así coma pechallas cun peche das mesmas características e materiais que o actualmente existente e deixar eses terreos non cedidos nas mesmas condicións que as actuais.

Aínda que o Concello execute as obras ó seu exclusivo cargo, aquelas que conforme ao disposto no art. 116 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA) resultasen útiles para a execución do novo Plan, serán consideradas igualmente como obras de urbanización con cargo ao proxecto de equidistribución, satisfacéndose unha vez aprobado o mesmo, o seu importe ó Concello en lugar de aos propietarios dos terreos nos que se realizaron.

O Concello de Vigo será o único responsable dos danos e prexuízos que se ocasionen, directa e indirectamente, por calquera motivo, a calquera persoa, cousa ou dereito, tanto aos propios como aos alleos, transeúntes, terceiros, lindantes e aos propietarios como consecuencia ou derivados das obras, durante e despois das mesmas, exonerando expresamente aos propietarios de responsabilidade algunha ao respecto.

Ademais dos derivados das obras, o Concello de Vigo tamén será a única responsable dos danos e prexuízos que se lle puidesen causar a calquera persoa, cousa ou dereito polo uso dos terreos obxecto de cesión dende o mesmo momento en que se faga efectiva a mesma e durante todo o tempo en que o presente acordo de cesión de uso mantéña a súa vixencia.

O Concello de Vigo estará obrigado a indemnizar aos propietarios dos danos e prexuízos que a estes, no seu caso, se lle puidesen esixir na súa condición de propietarios dos terreos obxecto da cesión, por danos e prexuízos derivados da execución das obras e/ou uso dos mesmos.

Sen prexuízo do aseguramento propio do contratista da obra, o Concello de Vigo ten subscrito e vixente un contrato de seguro de responsabilidade civil xeral coa entidade MAPFRE SEGUROS DE EMPRESAS, ENTIDADE DE SEGUROS E REASEGUROS, S.A. (póliza n.º 0960370028287) con cobertura específica para os citados danos, ao asegurar de forma particular -entre outras- a responsabilidade civil derivada dos riscos asumidos polo Concello de Vigo na súa calidade de propietario, arrendatario ou usufrutuário de predios, solares, edificios, locais, etc., os danos derivados da actuación do Concello de Vigo como promotor ou construtor de obras de construción ou de mantemento, reparación, ampliación ou reforma de edificacións ou instalacións, e os danos que poidan ocasionar as vías públicas e camiños veciñais a cargo do Concello, dentro dos que estarán incluídas as propiedades obxecto deste convenio dende o momento en que o mesmo teña efectividade segundo o disposto na cláusula Quinta. O citado seguro cobre, así mesmo, a responsabilidade que directa, solidaria ou subsidiariamente puidera corresponder ao asegurado polos danos causados por contratistas e subcontratistas, así como as actividades realizadas polo Concello de Vigo de dirección e/ou supervisión de obras e/ou proxectos de construción, montaxe, ampliación ou reforma. O Concello obrígase a ter vixente este seguro ou outro igual dende que este acordo teña efectividade ata que se mantéña a súa vixencia co obxectivo de cubrir todas esas responsabilidades durante todo ese tempo.

Todo elo sen prexuízo de que consonte o disposto no art. 1902 do Código civil, a obriga de reparar o dano causado corresponderá sempre ao seu causante, que no caso do Concello de Vigo resulta esixible por medio da institución da responsabilidade patrimonial obxectiva das Administracións públicas, consonte o disposto no art. 106.2 da Constitución española, regulada nos arts. 139 a 144 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o Real decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial.

Os gastos de conservación e mantemento da obra e da totalidade dos seus elementos e accesorios (tales como mobiliario urbano, iluminación, sinalización, etc.) serán de conta do Concello de Vigo e tamén, en xeral, todos os gastos e tributos derivados desta cesión de uso.

Terceira.- D. ÁNGEL GONZÁLEZ PÁJARO, D. DOSITEO GARRIDO ANTÓN e a entidade mercantil "CONSTRUCCIONES MIRÓN Y GUTIÉRREZ PONTEVEDRA, S.A." manterán a propieda-

de dos terreos, incluído o seu aproveitamento urbanístico, obrigándose a respectar o seu uso polo Concello de Vigo co destino fixado no presente acordo de forma indefinida, sen prexuízo do indicado na Estipulación Quinta.

Para o caso de que pola propiedade se transmita a terceiro a titularidade ou calquera outro dereito real sobre os terreos, ou se proceda á súa modificación rexistral, deberán facer expresa referencia na escritura que se outorgue do presente acordo e ás condicións nel contempladas. Será de conta da propiedade calquera prexuízo que se ocasione a terceiro por causa do incumprimento da citada condición.

Cuarta.- O presente acordo manterá a súa vixencia até que se dea alternativamente algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que se aprrobe definitivamente o instrumento de equidistribución do «PERI I-01 PAZOS», ou planeamento que o substitúa, que de conformidade co disposto no art. 118.1.a e 158.3 da LOUGA comporta a transmisión dos terreos ao Concello en pleno dominio e libres de cargas, e a asignación ao propietario da parcela de resultado ou a indemnización que corresponda en proporción aos seus dereitos.
- b) Que se aprrobe definitivamente calquera modificación da ordenación do ámbito que contemple usos distintos para os terreos obxecto do presente acordo, estándose ao que estableza o planeamento. En todo caso, a responsabilidade respecto o uso dos terreos obxecto de cesión seguirá sendo municipal mentres eses terreos sigan abertos ó público e/ou en posesión municipal e en ningún caso eximirá ó Concello da súa exclusiva responsabilidade respecto dos danos e prexuízos derivados das obras.
- c) Que non se leve a cabo a execución das obras previstas para a mellora da rúa Menéndez y Pelayo e a súa apertura ó público nun prazo de 2 anos dende a firma deste acordo, ou os terreos se destinasen a un uso distinto do aquí previsto.

Quinta.- A eficacia do presente documento quedará en suspenso ata que se aprrobe polo órgano municipal competente o presente acordo e o proxecto de obra cuxa execución e ulterior posta en funcionamento motiva a ocupación, de xeito que ata que se produza esa aprobación o Concello de Vigo non poderá ocupar os terreos nin comezar as obras nin terá eficacia ningunha das obrigas e dereitos que se derivan do presente acordo.

En proba da súa conformidade, as partes asinan o presente documento en quintuplicado exemplar, do que os cedentes retiran cadanseu orixinal, no lugar e data indicados no encabezamento, do que eu como Secretario dou fe.»

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA

DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.